

Follas do Cineclube | 26/04/2023

CINCENTA

(Золушка [Zolushka], Nadezhda Kosheverova / Mikhail Shapiro, URSS, 1947, 84', VOSG)

04

(tirado de *Historical Dictionary of Russian and Soviet Cinema*, 2009)

A directora soviética Nadezhda Nikolaevna Kosheverova naceu o 10 de setembro de 1902 en San Petersburgo. Desde nova gustaba das bonecas e do teatro de monicreques, e en 1923 graduouse na Escola de Interpretación Teatral de Petrogrado Comedia libre. Tras a súa graduación actuou en varios teatros, entre eles o Teatro da Sátira de Leningrado de 1925 a 1927. Entrementes estudou de 1925 a 1928 no taller cinematográfico da Fabrika Ekstsentrisheskogo Aktera (Factoría de Actuación excéntrica) e, desde 1928, traballou nos estudos de cinema Lenfilm. Nadezhda Nikolaevna explicaba a súa chegada ao mundo do cinema dicindo que este «é como un teatro de monicreques, posto que moita xente traballa na creación dun filme, e os espectadores só ven o que se supón que teñen que ver».

Nadezhda Kosheverova comezou o seu traballo en Lenfilm como asistente de dirección, e foi como tal que participou na creación de dous dos filmes da triloxía sobre Maxim de Grigory Kozintsev e Leonid Trauberg, *Vozvrashchenie Maksima* (O retorno de Maxim, 1937) e *Vyborgskaya storona* (As barriadas de Viburgo, 1938) para pasar despois algún tempo adicada á montaxe de filmes. Se ben Kosheverova adquiriu a súa sona como directora no xénero dos contos de fadas, non chegou de maneira inmediata a tal xénero, adicándose nos anos 30 e 40 a facer outro tipo de filmes. A súa ópera prima, *Odnazhdy osen'yu* (Un día de outono, 1937), hoxe perdida, era a adaptación dunha historia de Gorky que empregaba toda unha serie de técnicas psicolóxicas do cinema de cámara. O seu seguinte filme como directora foi a comedia musical *Arinka* (Arinka, 1939), co-dirixida con Yuri Muzykant, que resultou un éxito comercial. O filme, que conta a historia dunha familia soviética de traballadores ferroviarios, chegou ás pantallas en marzo de 1940 e converteuse nun dos de maior recadación da tempada, sendo visto por case 23 millóns de espectadores.

Antes do comezo da guerra Kosheverova conseguiu rematar outro proxecto, a mediometraje *Galya* (Galya, 1940), filme que consegue retratar cunha severidade pouco habitual no período de preguerra, non exenta de humor, a realidade da Guerra de Inverno con Finlandia. Talvez a censura e a prohibición do filme para exhibición foi o que afastou a Kosheverova do cinema máis realista e solemne. A primeira referencia próxima ao mundo dos

contos de fadas aparece co filme musical *Cherevichki* (Os zapatos, 1944), baseado na ópera de Tchaikovsky do mesmo nome e cun guión da propia Kosheverova. Foi nesta rodaxe na que coincidiu por vez primeira con Mikhail Shapiro, un director incrivelmente imaxinativo capaz de interpretar a música á perfección. Naceu así en tempos de guerra no TSOKS (Estudios Centrais Unidos de Longametraxes) de Alma-Ata unha brillante parella de directores.

Tras o fin da guerra, Nadezhda Kosheverova escolleu ese mundo infantil e dos contos de fadas como o seu principal medio de expresión creativo dentro do mundo do cinema, e o seu primeiro filme rodado dentro deste xénero entrou nos anais do cinema. En 1947 o maravilloso conto de *Zolushka* (Cincenta, 1947) foi estreado nas pantallas de todo o país, firmado de maneira conxunta por Kosheverova e Shapiro. O camiño escollido non era nada sinxelo: os primeiros en poñelos en escena dentro da cinematografía soviética foran Alexandr Ptushko e Alexander Rowe, e a posguerra era unha época difícil para filmar contos de fadas. A persecución deste xénero dérase desde os anos 20 ata rematada a década dos 30. E mesmo tras o éxito da fundacional *Po shchuchemu veleniyu* (Por arte de maxia, 1938), o seu director, Rowe, manifestara que a adaptación da tradición dos contos orais ao cinema podía dar lugar a obras demasiado lixeiras. Polo tanto, os seus filmes posteriores *Vasilisa prekrasnaya* (A fermosa Vasilisa, 1940) e *Kashchey bessmertnyy* (Kashchei o inmortal, 1945) partía de lendas do folclore eslavo que foran imbuídas de certo ton patético. Pero mesmo tras o enorme éxito do seu *Kashchey*, prohibíuselle a Rowe a adaptación do *Tsar Vodokrut* escrito por Evgeny Lvovich Schwartz (xerme da posterior *Maria-iskusnitsa*, de 1959), adicándose este á filmación de noticiarios e deixando o mundo da ficción preto de 10 anos.

Pola súa banda o ucraíno Ptushko, mesmo despois de trunfar en Cannes con *Kamenny tsvetok* (A flor de pedra, 1945) e obter o Premio Stalin de Primeira categoría en 1947, tamén foi atado en curto polas autoridades nos anos inmediatos; só a *Zolushka de Kosheverova* foi capaz de levar o xénero á pantalla xusto despois da guerra. *Zolushka* foi a único conto cinematográfico completamente exento de matices sociais: os personaxes máis amábeis, a excepción da propia Cincenta, son o Rei e o Príncipe; estes son os primeiros personaxes rexios retratados baixo unha luz positiva no cinema soviético. Pero o máis importante é o feito de que Kosheverova e Shapiro foron os primeiros cineastas en caer na conta de que os nenos se decatan primeiro de todo o compoñente formal e só despois do contido. E as formas de *Zolushka* foron auténticamente revolucionarias, non importa o paradóxico que poida soar. Isto foi acadado, primeiro de todo, mediante o deseño dos decorados, o que se converteu en norma no cinema soviético dos anos 60, pero que en 1947 era un feito sensacional (o responsábel foi Nikolai Akimov). Da mesma importancia, por suposto, é o brillante texto de Eugene Schwartz, un escritor que conseguía dotar de grande importancia ás palabras e á súa forma.

O TEATRO DE MONICREQUES DE NADEZHDA NIKOLAEVNA

PETER ROLLBERG

Como Kosheverova conseguiu abrirse camiño a través das frases de Schwartz sobre conexións e outra serie de aforismos é un misterio. Outro é o de como conseguiu convencer aos responsábeis da produción do filme de empregar a unha Yanina Zhaimo de 38 anos no papel da rapaza protagonista; segundo o guión Cincenta debía ter uns 16 anos e, con todo, ambos directores nin sequera tiveron en consideración a posibilidade de procurar outra actriz. Ademais da propia Zhaimo, Kosheverova e Shapiro reuniron un reparto excepcional: Alexey Konsovsky (o Príncipe), Erast Garin (o Rei), Faina Ranevskaya (a Madrastra), Vasily Merkurjev (o Gardabosques), Varvara Myasnikova (a Fada), o estudante de Leningrado Igor Klimenkov (o Paxe), Sergey Filippov (o Cabo)... Os heroes do filme, especialmente Faina Ranevskaya coa súa vis cómica, pasaron a formar parte da galería dos personaxes máis memorábeis da historia do cinema ruso, amados non só polos espectadores máis novos, senón tamén polos adultos. Evgeny Schwartz non permitía cambios nos seus libretos, non se toleraba a improvisación dos actores no estudio; só a Ranevskaya se lle consentían engadidos de seu. E Erast Garin, discípulo avantaxado de Meyerhold e Michael Chekhov, consideraba o seu papel de Rei no filme como unha das súas mellores interpretacións. Calquera aparición de Ranevskaya e Garin podía acabar sendo un teatro improvisado sen ningún tipo de guión...

Di Faina Ranevskaya nas súas memorias: «*Había outra escena así. Eu estou poñéndome a punto para o baile, probándome diferentes tipos de tocados, e veume isto á cabeza: parecíame como moi típico dunha madrastra queixarse do destino para acto seguido mirarse nun espello, poñerse varias plumas na cabeza e admirarse a si mesma. Pero non tiña texto suficiente para facer a acción. Evgeny Lvovich botoulle un ollo ao que eu escribira, riu e bicoume a man: «Con Deus!»*». Pero a grande Ranevskaya nunca lle perdoou a Kosheverova que cortase a súa mellor actuación no filme. Na escena, o zapato de cristal cae do pé da filla da Madrastra. Esta ordenáballe ao Cabo: «*Sígame*»; e, inmediatamente, comezaba cantar «*Oh, ti, corvo, o corvo, pequeno paxaro! Canta o canario con mágoa!*» desfilando cara o palacio. Kosheverova decidiu que isto último era innecesario, ao que Ranevskaya contestou violentamente «*Calquera diría que ando cantando todo o tempo nos meus filmes!*»

Zolushka podería semellar un conto de fadas ordinario na que o Mal é derrotado polo Ben. E, como en calquera conto de fadas «normal», a xustiza prevalece. Pero alén dos seus méritos artísticos, este filme ten algo máis de especial: chegou ás pantallas en 1947. Nos anos 40, cando a segunda fase do stalinismo se propagou polo estado soviético, os contos de fadas eran unha cura para o medo e a fame; fame de fantasía, mesmo (...) en xeral, había un problema de todo o relacionado cos contos de fadas:

Como se filmou este filme con magníficos accesorios, disfraces na posguerra de Leningrado, onde case non quedaban mobles e só farrapos queimados durante o bloqueo? Os zapatos de cristal e un vestido que, segundo testemuños, foron fabricados e tecidos literalmente da nada. Pero estes contos de fadas eran en certa maneira máis honestos que relatos como contos de fadas como *Svetly put* (O camiño brillante) e *Kubanskiye kazak* (Os cosacos do Kuban). O que fixeron Kosheverova, Ptushko, Rowe e máis tarde Kazansky, Knyazarev ou Nechaev foi denominado oficialmente como «filme de conto de fadas». En 1947 deixouse pasar a *Zolushka*, pero a Kosheverova vetóuselle o facer este tipo de filmes durante 15 anos, ata a chegada do desxeo (...)

Pero Kosheverova era unha muller sorprendentemente resiliente. En 1954, desempeñouse no terreo da comedia excéntrica, e cun material exótico e difícil de pór en escena: o da vida dos artistas de circo. O filme *Ukrotitel'nitsa tigror* (A domadora de tigres, 1954), feita xunto con Aleksandr Ivanovsky, converteuse nun dos principais éxitos comerciais do momento e descubriulle ao público soviético o talento dunha nova actriz: Lyudmila Kasatkina (...) Nos anos 60, Kosheverova continuou a súa experiencia como directora de comedias co filme *Ostorozhno, babushka!* (Coidado, avoa!, 1960) con Fayna Ranevskaya no papel principal, e despois filmou *Kain XVIII* (Kain XVIII, 1963), sobre un guión de Nikolai Erdman, que a reuniu con Shapiro nun filme ao estilo de *Zolushka*. A película era unha difícil mestura de xéneros entre o conto de fadas e o panfleto político baseada novamente nun relato de Evgeny Schwartz, *Dva druga* (Dous amigos).

A produción contou cun elenco de comedia estelar (Erast Garin, Mikhail Zharov, Rina Zelyonaya...), pero a pesar das súas alusións políticas anti-occidentais chegou un problema onde ninguén agardaba por el: Khrushchev acudiu inesperadamente á estrea. O Secretario Xeral quedou durmido durante toda a sátira de Schwartz e Erdman sobre os reis e ministros ata que chegou o episodio no que os tecedores mudan de roupa e pon vestidos de muller para entrar aos aposentos da princesa. Nikita Sergeevich espertou repentinamente e vociferou escandalizado «*Que díaños? Furtseva, puta, defendes a pederastia? Que despidan a todo o mundo!*». Ekaterina Furtseva botou a chorar: ela, a Secretaria de Cultura da URSS, fora chamada puta! Kosheverova e todo o grupo de *Kain XVIII* foron despedidos. O filme foi prohibido como «propaganda de pederastas» e non puido estrearse ata a década dos 90.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ABR
2023

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

12 DE ABRIL

A CAÍDA DA CASA USHER
(The Fall of the House of Usher, James Sibley Watson / Melville Webber, EUA, 1928, 13', VOSG)

A CAÍDA DA CASA USHER

(The Fall of the House of Usher, Curtis Harrington, EUA, 1942, 10', VOSG)

USHER

(Usher, Curtis Harrington, EUA, 2000, 37', VOSG)

A CAÍDA DA CASA USHER

(Zánik domu Usherů, Jan Švankmajer, Checoslovaquia, 1982, 15', VOSG)

15 DE ABRILEN NUMAX

Sesión sorpresa na festa de 8º aniversario de Numax

19 DE ABRIL

FREAK ORLANDO
(Freak Orlando, Ulrike Ottinger, RFA, 1981, 126', VOSG)

26 DE ABRIL

CINCENTA
(Золушка [Zolushka], Nadezhda Kosheverova / Mikhail Shapiro, URSS, 1947, 84', VOSG)